



A cuadrilla “Parrillada Antonio” gaña o Campionato Provincial de Lugo de Caza de Raposo

O pasado 12 de xaneiro de 2008 tiña lugar no Tecor das Sociedades de Cazadores ‘O Moucho’, ‘Amigos da Natureza’ e ‘Hermunde’, sito no Concello de Pol, o Campionato Provincial de Lugo de Caza de Raposo, organizado pola FGC en Lugo.

As 8.30h comezaba a proba na que participaban un total de 23 cuadrillas. Finalmente foi a cuadrilla “Parrillada Antonio” quen capturando 5 raposos se proclamaba campiona provincial. Segunda, tamén con 5 raposos era “Ganados Blanco” e no terceiro lugar remataba a cuadrilla “Os Rápidos” con 4 raposos cazados.

CLASIFICACION FINAL

| Pos. | Cuadrilla | Raposos Capturados |
|-----------|--------------------|--------------------|
| 1º | Parrillada Antonio | 5 raposos |
| 2º | Ganados Blanco | 5 raposos |
| 3º | Os Rápidos | 4 raposos |
| 4º | Muxís | 3 raposos |
| 5º | Os Piratas | 3 raposos |

As tres primeiras cuadrillas clasificadas acudirán ao Campionato Galego da modalidade.

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com